

# As Folgas Obreiras NA GALIZA

Os dous máis bariles movementos obreiros anti-totalitarios que se teñen producido no ámbito peninsular no decorrer do presente ano, tiveron a Galiza por escenario e por protagonistas os obreiros da nosa Terra. Primeiro foi a folga do Ferrol, onde a totalidade da sua povoación fixose solidaria cos xustos reclamos dos obreiros da empresa "Bazan" e que foi afogada de maneira sanguinaria polo chumbo asesino dos esbirros do centralismo español, feito que conmoveu a todos os seítors de opinión, acabando fondas e amplas resoñencias o mesmo dentro que fora do dintorno das Españas. E derradeiramente a folga xeral de Vigo, sostida con rexa firmemente contra toda a instrumentada forza de coacción e o aparello represivo da asovalladora ditadura hispana polo termo de cásase todo o mes de setembro e que pra lle pór remate, fixose mester que tanto as autoridades como o seitor patronal tiveran que conceder a maior parte das demandas obreiras.

Tais conflictos, amostran doidamente a madureza da concencia social política e sindical das forzas obreiras do noso país, ademáis da sua coherencia e capacidade resolutiva perante o poder das castes dominantes da fosilizada sociedade española; ainda non enteiramente ceibes de reشاños de ourizo feudal, onde a condición de traballador desmedra i-estigmatiza a quen a exerce, en troques de honorar e dinificar como acontez en todos os países cultos e adiantados.

O traveso dos acordos e resoluciones que trascenden das xuntanzas e congresos clandestinos dos seítors obreiros da nosa Terra, podemos doidamente decatarnos que os traballadores galegos xa se non contentan con promover aícionis somentes encol de conquerir a xusta e lexítima reivindicación de clás premida por unha sociedade deshumanizada e cativeira senón que ademáis comenza a plantexar parellamente os reclamos a prol do recoñecimento dos direitos que lle asisten a Galiza de se redimir do estado colonial imposto por un despotismo elleador.

Cando unha comunidade caréz de poder de libre decisión sobre das súas fontes de riqueza, da súa cultura e de todo canto lle pertece; sempre é o elemento obreiro o que paga o meirande tributo de escravitude e sagrefizos en proveito dos amos da comunidade a que pertece porque os outros estrados da sociedade: funcionarios axentes do poder colonizador, comerciantes etc non poñen moitos reparos en servir ós despotas do seu propio país se con ellos logran alguma comenencia algúm beneficio, e porque ademáis nunha sociedade emprobecida o benestar chega a poucos e as privacións a moitos.

Ista é unha realidade que os traballadores galegos non poden descoñecer, e niste decatarse do estado colonial que preme ó país galego depende o seu porvir, xa que non será posibel lograr a liberación de Galiza como país asovallado sen a decidida aportación das forzas obreiras que non poden nin deben resinarse a ser usados como un producto de exportación pra lle fornecer divisas fortes a un sistema político e socio-económico reacionario e antipopular.

Despois de máis de sete lustros de ditadura franquista a imaxe cívico-política da Galiza de arestora, onde as correntes de opinión somentes se poden manter na clandestinidade en estado subacente; as forzas obreiras abrollan como as más capacitadas pra se costituir en devanceiras do movemento emancipador da ciudanía galega prontas a promover toda esa xeira de loitas, reclamos e plantexos capaces de se lle apor con eficacia á "Santa Maffia" opusdeita, moi mais debile do que aparenta, non somentes polo sue volume e unidade, senón tamén porque Galiza, a Galiza xenuina sen deformacións miméticas estragadoras, conservouse sempre acovillada no espírito do povo traballador; nos homes do obraxe, da terra e do mar, moran garimosamente acochadas as más puras esencias da nosa nacionalidade, en boa medida colonizada por mor da traición amolecedora dos restantes estrados da nosa povoación, incapaces de se ceibar da pezoña alleadora dos ares da meseta, teimosamente aspallados a cotío dende o "aldeón manchego" que é a capital da España centralista.

O mundo do porvir terá que ser e será o imperio dos homes de traballo en todos os fasquías do quefacer humán e na cita de honor que todos os galegos temos na tarefa de procurar un millor porvir pra nosa patria agrilloada, será o povo traballador quen ha de xogar a carta de trunfo na loita que será mester sostener pra reivindicar a nación galega do asovallo secular do centralismo español, inmovilista, espremedor. Non ha de ser tarefa doada a que compre levar a cabo a prol de impor o recoñecimento dos irrenunciábeis direitos de liberación do noso povo, pola contra, costará sangue e sofrimentos xa que tal é a dorosa eisixencia inevitábel en todo proceso emancipador. Os direitos e as liberdades populares non se logran con pregos nin con favores, hai que as lograr con resolución, con sagrefizos e con vaor, mais iste prezo sempre será menor que o da escravitude, do escurantismo e o trazo.

GALIZA FOI, É, E SEGUIRÁ SENDO UNHA  
COMUNIDADE DIFERENCIADA PESIA Á TEI-  
MA ALLEADORA DOS MALOS GALEGOS

# A NOSA TERRA

Año LIV

Buenos Aires, Novembro de 1972

Nº 518

## Porqué Somos Nacionalistas Galegos

Somos nacionalistas galegos porque Galiza é a nosa única e verdadeira patria á que nos sentimos avencellados por raíces de lingua, raza, cultura, xeografía e sentimento comunitario e por que fóra do noso chan, soio atopamos aldrases, despotismo, incomprendión... que non son prendas que movan o entendemento á unidade fraterna.

Somos nacionalistas galegos porque cando esculcamos nas fontes do noso pasado histórico e no presente que nos toca vivir, atopamos que o noso país foi e segue sendo ouxeto de un colonialismo degradante espremedor, imposto dende un país miserero e cativeiro, centro de todos os atrasos. Un país que se facer dono do poder político por mor de favoráveis circunstancias históricas acaparou monopolizando en beneficio propio o goberno e a representación dos países do conxunto peninsular, falseando a verdade histórica e detendo o normal desenvolvemento das enerxías creadoras da nosa Terra.

Somos nacionalistas galegos porque creemos no noso povo e nas nosas xentes e temos a seguranza de que o dia que se decate da sua superioridade sobre dos seus tiráns en todos os terreos do quefacer humano rematarán pra sempre as elvas que premen e mantén a Galiza nun conformismo paraltante e amoledor.

Somos nacionalistas galegos porque non nos podemos conformar que dende o "aldeón manchego" ó decir de Ortega y Gasset que a España domedora ten por Capital nos veña a leti-los direitos, unha lei i-uns direitos feitos pra nos roubar escarnecer e asovallar. En tales circunstancias Galiza non ten porque aturar a unha terra incapaz de se curar das elvas raciais que lle venen do seu orientalismo sarraceno e do seu barbarismo godo xermoladores de fanatismo intolerante e despotismo inhumán e lle non deixan enripiar os vieiros que lle sinala o seu destino histórico onde debe runfar a liberdade, o progreso e a tolerancia.

Somos nacionalistas galegos por iso porque somos galegos, non podemos ser mais que galegos e non queremos ser máis que galegos.

Somos nacionalistas galegos porque somentes nos, os fillos de Galiza, con España ou contra España, seremos capaces de lle dar ó noso país pan, cultura e liberdade, posto que temos concencia de que os direitos dos povos non e posibel conquelos por gracia ou por favor, compre gañalos con resolución sagrefizo e patriotismo.

Somos nacionalistas galegos, porque creemos e respetamos como verdadeiros demócratas a vontade dos homes e dos povos e non queremos trocar de anno senón de condición, e de tal xeito, despreciamos a quén nos veñen predicando teorías filosóficas ou credos pseudo emancipadores e viven axoñellados nos estrados dos despotas. Nin de Madrid, Roma ou Moscú, de Washington, ou Pekín, de ningunha Capital foreira han de lle chegar a Galiza ares de soberanía e liberdade. Compre que os galegos os saibamos respirar na total enteiración no noso "habitat" natural; en escuchar,

deprender e afondar, en se "sentir" parte solidaria enteirante, da nosa comunidade nacional, estan os credos que nos teñen que redimir do colonialismo alleador.

Somos nacionalistas galegos porque o amor a Galiza ensenoumos a saber interpretar os aconteceres do devalar histórico que nos amostra que non pode haber fraterna comprensión nin entendemento entre as nacións i-los povos máis que ó traveso do mutuo respeito dos seus particularismos dos caracteres que os particularizan e diferençian. Con leis e disposiciones políticas assimilistas e uniformadoras como as que tradicionalmente se lle aplican a Galiza dende as parameiras castelás, somentes se logra xenerar resentimentos.

Somos nacionalistas galegos, porque temos concencia de que a forza que tiraniza, e o despotismo que asovalla trai sempre

aparellado totalitarismo, imperio, escravitude... Tais atributos abrollan vizosos en todo réxime centralista coveira de mandóns, que non de gobernantes porque, somentes pode calificarse lexitimamente de goberno aquele que xurde do povo como instrumento dos seus ancelos e dos seus direitos, como una concepción dinámica do libre exercicio da súa soberanía, tal a verdadeira democracia que é por enteiro incompatibel con todo poder centralista.

Somos nacionalistas galegos, porque ningunha distas premisas se poden lograr polos canles políticos da España unitaria onde é delito penado con rigorímo bárbaro ter ideas e afán de superación cidadáns e colectivas; unha estructura de poder onde non pode haber máis vontade que a que provén das esteras oficiais, ditadas por despotas representantes de unha sociedade de castes.

## A GALEGUIDADE DEMOCRATICA ESMAGOU

O ENTREGUISMO NO

CENTRO GALLEGO

COALICIÓN DEMOCRÁTICA . 11.926 votos

SEITOR OPOSITOR ..... 1.919 votos

## ANDACIO MOURENTISTA...

O "andacio mourentista" é unha epidemia virilenta que fai media ducia de anos atacou o corpo estrutural da nosa metade institución mutualista, parez que inda mantén algúns "focos mórbidos" de ese xeito de mackarthyismo antipatriótico e anticultural galego que se amostra como o carimbo máis definitorio do seu alcionar.

Tal paréz poder ouverarse nas atitudes que reflecan certas "recaídas" na teima ostracionista do labor cultural que debe e lle compre desenvolrar a nosa colectivididade, a que se amostran moi propensos algúns —moi poucos por sorte— persoais do Centro Galego e das súas Agrupacións.

O que custa un sobre de cabro aspirinas, unha caixa de mistos de madeira, un paquetín de caramelos de mentol, e outras miudezas semellantes, representa o equivalente do vaor que cada socio do Centro Galego debe contribuir mensualmente pra fornecer os recursos conque se deberá nutrit o rubro cultura, e aecímos, deberá, porque inda que tal é o que determina o Estatuto social, etc non se cumple na súa totalidade.

Perante semelante "esbauxo" de diñeiro, o rodrígón Ramou e os seus ousecuentes cortesáns non tifan, e inda non teñen acougo, coñecendo que os membros das Comisións que teñen ó seu cárrego o desenrollo do quefacer cultural son tan "canfurneiros" que non se lles pode dar "pedra libre", pois córrese o risco de que os asociados quedense sin atención sanitaria e sin medicamentos, ou no millor dos casos, facense mester ter que trocar os procedimientos asistenciais e necesitar recetar píldoras de papei, xaropes rimados, cu vitaminas de letras —as que por certo hai a quién lle están facendo moita falta— pra que o Centro Galego non se atope en estado de falencia e haxa que suspender os servizos sanitarios que presta ós seus asociados.

Non resulta pra nós certamente ledo, máis si necesario, ter que lle amostrar á consideración dos nosos leitores a entangarafada, conformación psicoloxica distes "persoeiros" pra quén a dimidie, a orguleza, o honor de ser galegos constitui un ouxento que se pode mercar e vender asegún o aconsellen as comenencias de un intre determinado, emporiso, por non se achar á outura do común da colectivididade, é o porque recibiron dela as metrandas derrotas eleitorais de que se ten lembranza na historia da institución. Non embargantes lasas eleccións de civismo e madureza colectiva non paréz que foran axeladamente proveitosa como pra "inmunizar" enteiramente a algún dos nosos mandamáis, os que —por mor, de non chegamos a catar qué ocultas motivacións—, "contáxianse" algunhas vegadas polo "virus" do mourentismo entreguista alleador.

Compre confiar en que tais atitudes derrotistas sexan o producto de ciumes ou de erros pasaxeiros, cando non de fallas de interpretación, pois de non ser así, sería chegado o intre de lles aconsellar que vian pondo as barbas en remollo, por aquello do refrán...

# REVOLDAINA

NA NOITE DO 27 de xullo derradeiro, o numeroso público que enchía as instalacións do Teatro Colón co gallo dos festexos das Xornadas Patrióticas Galegas, que impaciente esperaba a apertura da velada cos acordes dos Hinos Nacionais da Arxentina e Galiza, ficou sorprendido: Os hinos patrios non foran executados.

Deu comezo a primeira parte do espetáculo dacordo ó programa previsto perante o desconcerto do público.

Qué había pasado?

Remesémonos os feitos: Un galego desleigado, refugado por todos, que ven actuando de escriba dum pasquín apanado pola embaixada; que se edita escusivamente coa paveria tema de "franquizar" o Centro Galego (non ten outro destinatario), fixo a "denuncia" da ilegalidade xuvidica do Hino Galego pra sere executado no magno recinto do gran coliseu municipal... denuncia que o señor embaixador derivou por via diplomática cum gracioso pase de muleta... perante as autoridades arxentinas, co resultado que todos conocemos.



SERA BON DEIXAR SENTADO que os galegos de Bos Aires de fai moiisimos anos, nos seus actos patrióticos venen oustantando con lexitimo orgullo os símbolos nacionais de Galiza: Bandeira, Hino...amén do idioma. A marcha Real e a roxa e marela bandeira, óllanse coma os afrentosos símbolos do noso coloniaxe como país e como povo, coas dramáticas secuelas de atraso, miseria i emigración...

Claro é, que ó señor embaixador, todas estas consideracións referidas a un povo, mergullado no secular despotismo colonialista meseiteiro, téneno sen coidado... Ele, como sucesor do seu colega Polanco, ven sendo "noviño do trinque" no choio diplomático na capital arxentina, polo que teimou facer méritos... méritos que, por esa via, filosóficamente... decote refugaron os seus antecesores.

Por outra banda, dunha cousa xa se decataría o novo diplomático franquista: da total orfandade, da falla de solidariedade da colonia: só un fatiño de trasnoitados gachupins a lle faceren coro...



TRASCENDEU na nosa colectividade un lamentábel conflicto existente entre o equipo directivo do Centro Lucense, e o xefe da Galería de Arte, señor Alberto Castro Couso, que a entidade posue na sua sé social da Av. Belgrano.

Nove anos de tensa labor baixo a doada dirección deste enxel artista arxentino de-caste galega (crítico de arte, grabador, pintor) adicados ó servizo da súa obra, a Galería, a través de cal prestixouse a entidade, collendo presencia perante os medios artísticos porteños.

En ocasión de concurrir á Galería o crítico de arte Bernardo Graiver (de orixe xudeu) co gallo dunha inauguración, referíuse á posibel orixe galega de Colón e, ó findar a súa disertación, achegáronsele dous directivos da entidade quén invitaron ó señor Graiver a se retirar do lugar, aducindo, que "la Galería estaba bajo la protección de la Embajada de España", (sen comentarios).

Polo que se deduz, ó conflito se lle non dexerga solución algúna. Por unha banda, un artista, unha enxel sensibilidade que siente e se identifica doadamente co galego raigal en todas as súas dimensións; da outra banda, un equipo de homes totalmente alleados das lexitimas arelas do povo galego, entregados á tarefa de converter á entidade nunha primeirísima potencia milionera... Qué mágoa! E laímonos, porque denantes da chegada destes bárbaros, a entidade locía en memorables xeiras de cultura galega. Ái están grabados en long play, os magníficos concertos de música galega; a valiosa donación ó Museu de Lugo, dun feixe de cadros de Arte Moderno Arxentino; Teatro Galego; cátedra de Idioma Galego, etc., que lle donaron á entidade unha xerárquica presencia cultural galega na emigración.

Coa chegada dos bárbaros, todo este froreco cultural foi tripado...

Lorenzo Fragozo

## Escollen Novas Autoridades o Centro Ourensan

No dia 16 de agosto derradeiro, á edade de oitenta anos, finouse nesta capital don Xosé A. Fernández, pai do deuter Fiz Fernández, figura relevante na Galiza emigrada.

O señor Xosé A. Fernández, nado na outa montaña, na rexia terra de Cervantes, Lugo, sendo un mozo emigra a Bos Aires e moi axiña coa saudade da Terra e o escrarecimiento dos problemas nacionais que tollen o desenvolvemento económico-social e cultural da nosa patria galega, prendeu nele afervoadamente o sentimento patriótico. E durante a guerra

civil española é un ardido defensor da República polo que ela supuña a prol da democracia e a autodeterminación dos povos hispanos.

Derradeiramente, de facia anos, por mor da súa crebada saude, vivia nun retiro saudoso coas lembranzas e esprazas postas na Terra.

Vello afiliado da Irmandade Galega, A NOSA TERRA fálle chegar ó deuter Fiz Fernández e demás familiares o noso más doido pésame perante atal irreparábel perda.

## A Galiza Emigrada Celebraron Xubilosa As Xornadas Patrióticas

Con 22 actos, enectando no sábado 15 de xullo deixa o sábado 29 que se fechan as Xornadas Patrióticas Galegas: Conferencias, exposición de pintura galega, homaxes diversos misas en galego, actos commemorativos etc. E mesmo o 25 de xullo, Dia Nacional de Galiza, o presidente do Centro Galego dirixiu ós galegos do interior e da diáspora tres afervoados mensaxes por Radio Nacional, do Servizo de Radiodifusión Arxentina e Exterior, e por Radio Municipal. Todo este atafego patriótico estivo a cargo do Instituto Arxentino de Cultura Galega do Centro Galego de Bos Aires.

A Galiza Emigrada vibrou xubilosa nestas xornadas que puxeron de nota a afervoada galeguidez de das nosas xentes concurrida a súa chea as magníficas conferencias dictadas polo profesor don

"Máis donas e menos señores: A ventade dos emigrados ergueu en terras americanas o primeiro bronce de Castelao.

Ergueuno a nome de todos os galegos, en gratitud a quén soupo codificar a doutrina política da nosa Patria, dandolle como destino fortizar os ancelos galegos de vivir en liberdade.

Nós tivemos a privilexio de que Castelao morrera a carón noso. Nós tivemos as derradeiras leccións de mestre, e sempre seremos fideles a elas, deixa o intre en que Galiza teña o disfrote en preniture nos seus dereitos pra o mellor vivir dos galegos.

Os homes desta casa, galegos e americanos, fillos seus, non entramos a falar de partidismos setariais. Moven os nosos espíritos, outros ideais que tenen como fin axudar a nosa patria pónndoas ó servizo de todos os seus fillos. Poriso que os que tivemos a sorte de beber no manantio abondoso das leccións de Castelao aspiramos a unha Terra sen emigrantes e sen viudas de vivos.

Querémola sen mágoas nem aldraxas, porque querémola vizosa e brillante como unha noiva.

Amámola e aspiramos o destino da distrofa degeneradora do noso home, e soñándola fartnería e honesta, cada de bens e de servizos.

Pedimola sen inxustizas e con xuecas consustanciados co dereito consuetudinario galego que dende séculos ven conformando os aliceres xurídicos a que debemos axustarnos.

Sentimola a través da comunicación humán, feita na nosa preciada lingua, e aprendidas as alleas por vontade de mestres e estudiantes.

Soñámola con chaminés erguidas en desafio aberto ó ceo, que sexan as astes da nosa rendición económica e bandeiras de progreso e pan pra todos.

Ollámola sen desocupación nen fogares desvalidos, cunha craseobreira organizada e posta ó servizo dos intereses patrios.

Poriso soñamos sempre cunha Galiza chea de nenos que aprendan as primeiras letras na lingua nai, que van logo a escolas de capacitación e universidades pra que á sus saída do entorno galego teña como móvil incorporarse a outros como monitores e non como nornaleiros analfabetas.

Non queremos unha Galiza abrevando na riqueza do seu chao, muxida pra servir a economía doutras terras, e xunguida ós ziguiagues da esmola, que nunca chega, pra satisfacer as súas mínimas necesidades.

Querémola, si, disposta a enzendar industrias e actividades económicas capaces de daren seguridades a quén deberon deixar os lares patrios e desean tornar a eles.

Vémola con peirao cheos de natos que tranxen materias primas e levan as nossas manufacturas ós países de todo o orbe.

Comprendémola nas súas anxeiras seculares e aspiramos a que, como o outro povo irmán da diáspora, Irlanda, poida materializar a conformación da sua unidade histórico-política da que estivo tan perta no ano 1936.

Eis a nosa promesa e a nosa esperanza, esgrevio Daniel.

Dende o dia maldadado do seu pasamento, nós camillamos o vicio da lealdade coa Terra.

Perque o calvario da tua vida asolagada na entrega no amor da Patria tivo elíqui, no Bos Ai-

res. Emilie González López, e ós demais actos programados, entre os cuáis nos refiriremos é emotivo rendido ás ilustres figuras de Castelao e Rosalia, polas autoridades de Centro Galego, acompañadas dos Corpos Estatutarios, Instituto Arxentino de Cultura Galega, numerosas delegacións de diversas entidades da colectividade e gran cantidade de socios.

Antre os concurrentes destacaúbase a presencia do invitado de honor don Emilio González López e a súa esposa, e os directivos da Asociación Médica da entidade cujo presidente falou en dito acto louvando a escelta figura de Rosalia.

Prá honrar a Castelao falou o presidente do Centro Galego don Edoardo Sánchez Millares que prenunciou o seguinte discurso:

Que axiña iso sexa posibel e que Santo Domingo de Benavente viva como a peregrinación galega mellorando da nosa vida cívica, acompañada o teu corpo ínto, fisicamente, pro cheo de vida e de galleguidade pra ser llama na que o noso povo queime os seus anelos de liberdade."

Logo leu unha emotiva oración en nome da Asociación Médica, o doutor Gacio Baquiola, despois do cal o profesor Emilio González López pronunciou unhas emotivas verbas alusivas as duas figuras honradas.

## REVISTA "GALICIA" DO CENTRO GALEGO

Chegáronos os números 586 e 587 desta revista bimensual correspondentes a xullo-agosto, e setembro-outubro sucesivamente; e o número 588 edición conmemorativa do 65 aniversario da fundación do Centro Galego de Bos Aires.

O número 586 aparéz cunha fermosa portada a toda páxina, fornecida dun abondoso e calificado material literario e de información do noso país.

Enceta o sumario cun encadado editorial a proi da capacidade dos galegos emigrados que, fóra do seu país foron quén a crearen entidades como o Centro Galego de Bos Aires... Séquelle: "Os labregos de Galicia xa están seguros". Por Mancel Espíña, e "Os labregos e a seguridades sociais". Por Xosé Morante; "Xohana Torres". Por Victoria Armesto; "A Igrexa e as Letras Galegas". Por P. Seixas, S. J. "Cousas de calquier rucío". Por Ricardo Flores: "Acto encol do Día das Letras Galegas, organizado polo Instituto Arxentino de Cultura Galega; Galicia ahorría 50 millones de pesetas por día". Por X.F.F. "Galicia e o Arteaga". Por Gonzalo Fernández: "Programa de actos prás Xornadas Galegas". "Situación de la ganadería gallega" Por Isabel Montejo: "A Casa-Museo de Rosalia". Por Francisco Pablo: "Escaparate bibliográfico". Por V.L.M. no que se fai unha aguda crítica literaria de libros galegos. Notas e comentos encol da entidade.

O número 587 aparéz coa capa a toda páxina do famoso mestre de Oseira, e recolle en detalle —conferencias, homaxes a Castelao e Rosalia, mensaxes radiáis, etc.— das zubilosas Xornadas Patrióticas Galegas organzadas polo Instituto Arxentino de Cultura Galega.

Enceta o sumario un ben artellado editorial encol da posta en marcha das novas instalacións e servizos que benefizan e protexen polo ouro nível de eficiencia médica a saúde dos seus socios. Séquelle: "Asedio tranquilo a la señorío Betanzos de los caballeros". Por anxel Gutiérrez. "Polos vieiros da Galiza". Por Leandro Carré. "Santa María del Monte". Por Xosé Barreiro Barral. Alexandre Rodríguez Cadarso. (Sembranza do que foi insigne reitor da Universidade de Compostela.) "Cousas do rucío". Por Ricardo Flores. "Eduardo Zamacoia". Por Xoán Naya. "Entrevista con don Sebastián Martínez Risco". Por F. Alvarez Alonso. Xornadas Patrióticas Galegas: Recepção brindada a Emilio González López e os diversos actos realizados, entre os cuáis figuraron tres Mensaxes idaddiácos ó exterior polo presidente do Centro Galego don Edoardo Sánchez Millares, no Día Nacional de Galiza. Escaparate bibliográfico, por V.L.M. no que se peneira o acontecer literario galego ó traves dos derradeiros libros saídos do preio, que a cotío van fornecendo o valioso caudal do renacemento cultural de Galiza. Notas e comentos encol da entidade.

O número 588 de outubro, edición especial conmemorativa, apresenta unha evocativa capa na que aparecen os distintos modestos domicilios sociais que responden as diversas xeralas, até aposturar no grandioso definitivo que hoxe constitui a súa sé.

Enceta o sumario cun evocativo editorial no que analiza cronologicamente as sucesivas xeralas que, en progresión xeométrica, polo amor, a tenacidade e o patriotismo dos galegos emigrados, levaron á institución no breve prazo de 65 anos, ó estado de grandeza e esplendor que ven sendo o gallo do noso orgullo e a nosa paixón como galegos. Séquelle: "Las grandes figuras en el recuerdo: notas gráficas dos homaxes a Rosalia e Castelao no Día Nacional de Galiza. Os Mártires da Independencia da dominación francesa. O Térreo de Galegos e o seu Comandante Don Antonio Pedro Cerviño, que loitaron heroicamente na Reconquista de Bos Aires durante as invasións inglesas. A Ramón Suárez Picallo... ¡Sempre en Galiza...! Placas que evocan a singular figura de Castelao nun discurso a sua chegada a Bos Aires, e o seu pasamento a immortalidade. Actos culturais e artísticos... E a organización —con abundosas placas e estadísticas deste complexo informe organismo asistencial que ven sendo o Centro Galego e no cal 115.000 socios reciben doada atención.

# CO HINO GALEGO FOI RECEBIDO O DIA NACIONAL DE GALIZA

No Casal do Centro Ourenseño, o dia 24 de xullo derradeiro a Irmandade Galega, mesmo que o ven facendo todos os anos, citou á colectividade a unha Ceia Patriótica co gallo de receber ó fio da meia noite o Día Nacional de Galiza cantando o Hino Galego, e da que foi invitado de honor Don Daniel Calzado. E mesmo nesa noite, foi apresentado á emoción de numeroso público que enchiu o amplio salón, o tan esperado libro de Xerardo Alvarez Gallego, "Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda".

Abriu o acto, oferecendo o homaxe a Don Daniel Calzado, o presidente da Irmandade Galega señor Ricardo Flores, quen se expresou así:

"Donas, irmáns e amigos simpatizantes do galeguismo:

Segundo cō que xa supón unha tradición dentro do noso quefacer colectivo, acodimos a esta cita patriótica na véspera do Día de Galiza, pra así, en fraternal xuntanza, agardarmos os mires da sua chegada; e, en einguida comumon de sentimentos e arcelas a prol da Patria, recibé-lo cō entoamento das estrofas do seu Hino, como símbolo dun saúdo reverente perante o altar da sua bandeira.

Cada amanecer desta data 25 de Xullo, por todos os eidos da nosa Terra resoan mestas e lédas alboradas, que os lanzais gaiteiros van tirando do fol do noso ancestral e belido instrumento, a gaita, anunciando cós seus sons a chegada do Día Maior da Patria, e convidando ao seu povo a renderlle a oferenda da sua voz: Presente. O que nos tamén rendemos desde aquí, fisicamente lonxe, mais espiritualmente, moi acarón dela, cós nosos corazons atejados de amor ao seu sér inmorrrente.

Neste Dia, pois, toda a nosa Terra se torna nun ambiente de festa excepcional; festa cívica e laica por euriba de relixiosa, na que os nobres fillos se adicam a fondas meditacions, más do que a grandes espareximentos, ao olhar a malfadada circunstancia que atura a sua Patria, encadeada e crudelmente esmagada dentro de tempos seculares.

O Día de Galiza non ten de ser únicamente pra render culto a unha fe mística inzada de lendas, ou apousar-nos no relembo do seu pasado glorioso, pois con iso sé non se axuda a recobrar os seus bens perdidos, non se adianta cara ao resgate do patrimonio nacional que lle foi arramplado, nen se logra aminguzar as dôres que sofre o seu povo, gobernado e administrado por poderes desumáns, nemigos dos seus intereses e insensibes ás suas necesidades.

No Día de Galiza, Día Maior da nosa Patria, é mester que os seus fillos nos sintamos cō corazaón ben ergueito, cō espírito moi en pé e a vontade rexamente temperada. Ademáis da oferenda de esaltación dos seus eternos valores étnicos, históricos, culturais, idiomáticos, etc., cumple faceremos reaffirmación de fé no seu vindoiro e renovar a promesa xuramentada, de achar-nos dispostos a loitar sen acougo a prol dos seus sagros dereitos de liberdade, que a convertan, como lle corresponde, en dona do seu ser nacional e rexadora do seu propio destino, cujo conqueiramento é o fito dos nosos aneis, o xusto fito dos aneis da Irmandade Galega.

E en nome da mesma, agradezo cordialmente a vosa presenza, asinalando particularmente ao profesor Emilio González López, invitado polo Centro Galego para tomar parte no desenrollo das Xornadas Patrióticas Galegas.

Pela honrosa presenza de todos, a Irmandade Galega sentese non só cordialmente agradecida, senón tamén, alentada na sua laboura patriótica.

Doblemente, ésta cela ten carácter de homaxe a unha persoa galega de entre nós, que conte con méritos que a tornen merecente dñe. E Don Daniel Calzado posui de abondo os méritos requeridos, polo que se acha ocupando sitio de honor preferencial na cabecera da mesa, e a quem arrodeámos con agarimosa cordialidade, sentindo-nos cō espírito fondamente lido e plenamente satisfeito, porque sexa él a persoa homenxeada. Este homaxe da Irmandade Galega, non é a unha persoa porque teña acañado grandeiros trunfos nos seus trafoxes, nos seus aferes partidáres; non é a un galego, porque tivera conqueroado avolumados éxitos nas suas angueas, que o convertan nun home de

arrumbada fortuna económica, como existen na nosa colectividades comerciais ou industriais, dade, e os que contudo, achansen moi lonxe de o merecer.

O homaxe que ésta noite se lle rende a Don Daniel Calzado é por algo de amonta moi superior; é por algo de más ou tro sinificado, de más encumado valor.

Don Daniel Calzado é un home garnido de virtudes humanas e de nobres sentimentos cidadanos; cós seus feitos a as suas attitudes, ten dado boas probas de ser un galego que ama entrañablemente á sua Terra e que sente na alma as suas desditas, as suas angurias e as dôres do seu povo; polo tanto é un bon galego dino deste agasallo.

No abrollar da sua vida — pois tiña vinte anos — chegou a esta benquerida terra arxentina, deixando a Terra Nai, polas mesmas circunstancias que tantos miles de galegos tivemos tamén que deixar, e que non teñen nada que ver coa xerencia de que nos empurra o espírito aventureiro, como se lles ocorre a algúns con falsedad, tratando de arredar do acusamento aos verdadeiros causantes do noso drama da emigración, que son os que teñen a nosa Terra aferrolada e o noso povo asoballado, privando-o crudelmente da liberdade para administrar os seus bens e pôlos ao servizo da nosa comunidade, como por dereito propio e xustiza humá lle pertence.

Dende a sua chegada a este país, alo polo ano 1911, comenzou a actuar nas tarefas patrióticas da nosa colectividade, da nosa comunidade, como por dereito propio e xustiza humá lle pertence.

A saudade turráballe da alma, polo que fixo algunas visitas á Terra. Na visita feita no ano 1928 ficou no seu chan uns cinco anos, sendo elixido alcalde de Tomiño e cumplindo tamén ali actividades moi proyeccións para aquela bisbarra.

Obrigado outra vegada a pillar os pedregulleiros caminos da emigración, chegou de novo a Bos Aires, xunguindo-se con ardideza ás labours que se desenrolaban no noso meio a prol dos ideais republicanos e galeguistas; deixando de asinalar con maor detalle a gabanceosa obra levada a cabo polas suas nobres inquedanzas por nolo teren aforrado de facélle as liñas biográficas inseridas na tarxeta invitación, asinalando-a xa con boa amplitude.

A fidelidade de Don Daniel Calzado a Galiza, a sua Patria, amostrou ser inteira e do máis devoto; e a sus vontade pra serví-la e honrá-la foi de rexendume, axudando con afervoados azo e ampla xenerosidade a toda laboura de esaltación da sua persoalidade e defensa dos seus dereitos de liberdade; patentando con elo ser un bon galego, un galego dos "bos e xenerosos".

E como testemuño de recoñecimento, a Irmandade Galega, rende-lle este homaxe sincero e agrimoso, ao que da realza a vosa presenza, honrando-me a min o seu ofrecemento en nome da entidade.

Con sentidas verbas agradeceu Don Daniel Calzado referindose á honra que pra ele siñificaba haberse sido escolleito no Día Nacional de Galiza pra presidir a xuntanza dos galegos ceibes de Bos Aires.

Pra facer a presentación do libro de Xerardo Alvarez Gallego, "VIDA, PAIXÓN E MORTE DE ALEXANDRE BOVEDA", falou Bieito Cupeiro, cujo discurso damos aparte.

O acto foi fechado por Emilio González López, quén impuso unha sentida oración patriótica que conmoveu os presentes.

## Verbas de Bieito Cupeiro

### ó Presentar o Libro

### "Vida, Paixón e Morte de Alexandre Bóveda"

Cabellé á Irmandade Galega nesta xornada de eucaristía patriótica que estamos vivindo, o outo honor de presentar de xeito oficial, o libro de Xerardo Alvarez Gallego "Vida, Paixón e Morte de Alexandre Bóveda", o protomártir da Galiza da Esperanza da que presenta que os tempos eran chegados pra conquerir a recuperación avelada: Unha obra, que estamos seguros, ten que acadar transcendental resoñanza no mundo galego de aquen e alén maz; e que se fixo posible tirar do prelo, porque atopou a empenosa telma, a sempre inqueda xenerosidade patriótica díxe pequeno fatode galegos escollentes que componen a "Editorial Nós" os que, de maneira silenciosa, caseque anónima, achansen decote dedicados en he aportar o tesouro cultural do noso país toda obra que poña axudar ó seu prestixio e reivindicación.

Non querre adrede causar a atención dos presentes, facendo o estudo crítico disto libro que ven en parte a encher o valencio existente no tocante ó análisis do proceso histórico dos más dramáticos intressos do existir galego; ningún poderá decir nada que sexa tan patético e eloquente como a obra en si mesma; que constitui toda ela un xuriso alegato acusador da barba, de deshumanizada e conxéita, de quén gabandouse de representar e defender as esencias do cristianismo, son en verdade a máis cabal imaxe do anticristo; mais pode afirmarse, que ista nova aportación bibliográfica da Galiza emigrada, costitui, depois de "Sempre en Galiza" de Castelao, o mensaxe histórico-político máis transcendente e aliciador dos derradeiros tempos, en particular prás nosas moedades, aneas das informacions e coñecementos dos acontecementos xermoladores do poder actual e cal, baixo o imperio da tiranía que as agrilos, estálles vedado.

Se temos en conta as circunstancias nas que se orixinou a doma e colonización da nosa Terra, en realidade un país psicoloxicamente mutilado por un poder despotico aldeador, onde todas as particularidades que determinan a existencia dunha comunidade de viver diferenciado, son teimosamente premidas ou ineradas pola lexicalización xivente. Oclarexamente dos acontecementos históricos, do que poderíamos chamar "a toma de concencia" comunitaria do noso povo, costitui un imprimativo acuante na loita pola recuperación dos irrenunciabes dereitos de noso país.

Alexandre Bóveda pagou coa sua vida prometedora e xenerosa, o delito de haber sido unha das figuras máis lucidas e dinámicas do Movimento galeguista, que era daquela unha nova corrente de opinión chamada a trocar de xeito total as revellidas prácticas políticas impostas polo cunismo dos partidos de Madrid coa colaboración do caciquismo indíxena; un Movimento que non xurdía á escea dos quefaceres civicos, como unha filosofía produto da invención caprichosa ou resentida de xentes cobizosas de poder, ou sistemáticamente opostos a todo estatus vivente; senón como resposta ós apremiantes reclamos eisidos pola necesidade de supervivencia dun país que, como tal, asistelle o dereito a se governar por si mesmo, sen ningunha clás de tutelaxes alleos pra millor dispor dos seus atributos de cultura das suas fontes de producción, e de todos os elementos de progreso e benestar que lle possibiliten a sua total recuperación.

Alexandre Bóveda, como Castelao, como Anxel Casal, Villar Ponte, Ramón Cabanillas, Xaime Quintanilla e cantos compuñan esa esgravia xeración de mestres que se entregou á Cruzada de redimir e evanxelizar patrioticamente a nación galega, foron os que deron vida ó Partido Galeguista; unha doutrina política que non foi nin será endexamais unha forza de sino negativo, porque todo o seu contido programático, degóra como fito supremo, anovar e moralizar as caducas estreituras colonialistas que escravizan a Galiza pra así as poder trocar en dinámicos e modernos estamentos de governo, afinados na vontade popular libremente manifestada, cal compre a todo país evolucionado cívicamente, onde o cidadán non sexa escravo de ningún poder, calisquera sexa o móvil e inspiración de onde a sua forza remaneza, senón o seu único dono e lexítimo depositario, posto ó

Alexandre Bóveda, como Castelao, como Anxel Casal, Villar Ponte, Ramón Cabanillas, Xaime Quintanilla e cantos compuñan esa esgravia xeración de mestres que se entregou á Cruzada de redimir e evanxelizar patrioticamente a nación galega, foron os que deron vida ó Partido Galeguista; unha doutrina política que non foi nin será endexamais unha forza de sino negativo, porque todo o seu contido programático, degóra como fito supremo, anovar e moralizar as caducas estreituras colonialistas que escravizan a Galiza pra así as poder trocar en dinámicos e modernos estamentos de governo, afinados na vontade popular libremente manifestada, cal compre a todo país evolucionado cívicamente, onde o cidadán non sexa escravo de ningún poder, calisquera sexa o móvil e inspiración de onde a sua forza remaneza, senón o seu único dono e lexítimo depositario, posto ó

seu servizo, que é tanto como estar ó servizo da comunidade, sen atritos nin limitacións.

Foi a más pura e xenuina angueira patriótica que levou a istos homes a organizar o Movimento Galeguista, que colle puño e proxecto no amor a Galiza; a verdadeira e única Patria dos Galegos por riba de toda mistificación legalista e do todo interesado e falso convencionalismo histórico. Díxe amor, precisamente, xurde toda unha rica de inquedanzas por anelar a nosa videra e menguada estreitazón económica, estudiando cales son e de onde xuden as elas que padéz; inquedanza por sanear a concencia cívica do povo galego, estragada polos sementadores de escepticismo, de enganes e defraudacións dos direitos populares inquedanzas por eismar de onde mana o celme das nosas fontes telúricas creadoras da conformación cultural que nos persoaliza, pra que con ello poidamos ter clara concencia de ónde arrincan os vieiros históricos das nosas orixes e poder enroitar, guiados pola esperanza, cara ónde temos de ir.

Estudar a Galiza, querer coñecela en todos os aspectos e matices que conforman o seu ser nacional, deixa onde polda abranguer a estension e fondura da súa problemática, é unha obriga incesuábel de todos os galegos de area: sexan labregos, mariñeiros, profesionais, obreiros, intelectuais, etc., porque a futura Galiza, se ha de ser algo vivo e trascendente, compre que sexa unha comunidade onde todos teñan as mesmas oportunidades, as mesmas liberdades, os mesmos dereitos e deberes. Sen estas premisas, a verba democracia equival a un termo valeiro de contido, e os galegos sentimos a necesidade atívica de vivir nun mundo de liberdade o que somente unha genuina democracia nos pode ofrecer. Impõse pois a tarefa de levar ó coñecimento do noso povo, cales son as causantes do por qué, morando nun dos chans máis furturantes e de millor e máis benigno clima de toda Europa, non polda viver nele, como compre dinamicamente, e teña que se empregar pra se ceibar da probeza ou da opreión; de onde remanecen e cales son as razóns do por qué a sua esgravia lingua venía sendo dende sempre, teimuda e sistematicamente marginada dos centros de ensino e da cultura; de onde xurde o feito de que o aforro dos nosos bancos e demás institucións de creío, produto do esforzo dos nosos emigrantes, teña que se empregar en fornecer riquezas alleas a nosa Terra, namentres a elas se lle negan, aducindo xustificacions de trapaceiros: portos, empresas industriais, siderúrxicas, e outras fontes de traballo e producción, que trocarían de maneira total e positiva a sua cativeira panorámica económica actual; en qué se fundan as razóns da política educativa dos poderes centralistas, que en vez de crear facultades, escolas técnicas, e centros de ensino onde os galegos se poidan formar profesional e técnicamente, no coñecemento das caraterísticas e da problemática do seu país na procura de lograr un racional aproveitamento das suas riquezas xacentes que lle donarian ó noso povo un axeitado e merecido benestar; instálanse, en troques, universidades laborais, cujo único oxento non é outro que o de preparar a nosa mocedade pra ser usada como un producto de exportación, sen que os responsables de iste "espánolismo" xeito de governar se asañan de que uns eidos que deberían seren un verzel, estexan ficando ermos e desertos, e a nación galega sexa a única terra europea de retroceso demográfico.

Co libro que estamos a presentar, fica doadamente amosado que tiña fundamento a fe que Bóveda sentía polos galegos da Arxentina, cuando no intre que governaban as autoridades do chamado "bién negro", decía Orlando sair cara Bos Aires un correo con emigrantes: "Se estivera solteiro pra aló embarcari. Os irmáns da Arxentina, se isto continua, sen os únicos que poiden emprixir a campana que a nos se nos nega".

Veleiqui, o porqué n'sta vispría dun novo Día de Galiza, os galegos de Bos Aires podemos decir con orgulleza e satisfacción de patriotas: Presentest, irmán Bóveda; presentes oxe e sempre, namentres os folgos da vida latexen nos nosos peitos, e nos quede unha pinga de sangue pra lle dar forza ó noso corazón galego.

## LEMBREMOS OS NOSOS MARTIRES

Cada 17 de agosto, desde o tráxico año de 1936, os galegos ceibes do mundo honramos os nosos Mártires. Neste dia de dor e gloria, foi aleivosamente asesinado Alexandre Bóveda, promartir da Galiza moderna.

O gran patriota caiu co berro de "Viva Galiza Ceibe! nos beiros, que non poido non poderá silenziar o chumbo asoballador; berro que resume o legado querido e percurrido da existencia da nosa nacionalidade.

En Alexandre Bóveda ós millores de mártires galegos asesiñados por asesinar, como ele, unha Galiza ceibe e diña.

Os emigrados que vivimos no mundo libre onde, ante outras causas, podemos valorar sen limitacións subalternas e esgravia figura de Castelao, lembramos con fonda emoción patriótica os nosos Mártires inesquecibles. Eles son a semenza fructífera da Galiza futura, unha patria soberán e xusta, na que participen obreiros, labregos e mariñeiros, libres social e económicamente, sen esa realización non ten pra noso senso unha Galiza Ceibe.

Alexandre Bóveda, con Castelao, Xaime Quintanilla, Anxel Casal... interpretando o intre histórico de Galiza, deron xeñeralmente, integralmente, ó

seu povo, creando por primeira vez na historia do país unha política galega que había de superar o submetido conceito provincial, encetándose por via da liberdade un senso e unha dinámica nacional ós problemas económico-sociais e de cultura do país galego.

Mais este fito de dignificación e liberdade da Patria Galega foi tronzado. Galiza espera. Galiza que ten unha longa secular esperanza de asoballamento, espera... Mais esta esperanza non é inerte... E un fito que asinala o glorioso viéiro da liberdade nacional tinxido co sangue xeneroso dos neses mártires.

## LIBROS

### "Chuvia... e Outras Narracións"

Por Mouses da Presa

Deschóese este fermoso libro, moi ben impresto, cun xurdio limiar de Denis Conles, arxentino polo nacemento e galego polo sangue —atal se auto-define— que nos apresenta ao escritor e a súa obra.

Trátase dun escrarecedor estudo encol da literatura galega na emigración, e en referencia temporal aos procesos políticos e sociais destes países latinoamericanos —neste caso concreto, Arxentina— onde o movemento cultural galego se desenvola.

E evidente, que o estudo de Denis Conles deixa un camiño aberto a un ensaio antolóxico da literatura galega na emigración que de certo coidamos mestor como esclarecemento da aportación ás Letras Galegas, dado os valores que nela concurren. Como amosa, citémos a tres poetas desaparecidos: Manoel Prieto Marcos, Zapata García e Avelino Díaz.

Endeben, compre sinalarmos, que nos atopámos perante un interesantísimo libro por cujas páxinas transitan os diversos persoaxes das 18 narracións que o integran mergullados na súa anguria humán. E hainos de variegada índole: de creación literaria uns, tomados da vida real outros, e os que, presumiblemente, xurden das vivencias do autor. En cada caso, identifica aos seus protagonistas cun rexo trazo ou cunha lene pincelada poética...

Axiña que o leitor curioso vai incursiando de vagar polas páxinas do libro, e ao se pór en contacto emocional cos seus persoaxes mergullados no esenario da narración, xurde áxile ou diálogo que "utilizado maxistralmente, abonda pra situar con esaitude ambientes e psicoloxías".

O tratamento —déixase ver— a que o escritor vigúes somete ao idioma, ao seu idioma, ven sendo rigoroso: refugo intencional do discurso, cando máis, cunha frase axeitada, insinúa toda unha situación... que deixa cal fiestra aberta ao disprix da fantasia do leitor. E unha temida paciente laboura de síntese, de simplificación das formas expresivas con propio acento persoal, desbrozando de todo aquilo que ele coida superfluo... na percura dun idioma, dunha expresión limpia, luída... e que certamente entraña un estilo.

Os contos da primeira parte do libro, con persoaxes e entorno galegos, estimámoslos de antoxoa.

Pon en evidencia o autor o seu sentimento raigal: a súa identificación coa alma das xentes e da paisaxe con tanto amor e paixón, que chega por atal razón a asimilar o ton auténtico do home e da muller galegos, falaendo o seu propio linguaxe, e escrarecedo as súas mágoas e esperanzas.

"Elvira", ven sendo unha elexía de fondo dramatismo, cun persoaxe central que vive a

súa dór en intimidade conmovedora, movéndose en dous tempos circunstanciais cunha fondura e homedad realmente unanimán. E é, mesmo nesta narración, xunto con "Mita", cecás onde o autor de "Chuvia... e outras narracións", somete ao idioma á máisima simplificación dos elementos expresivos, logrando por esos medios, esa difícil conmovedora similitud con que expresa os desacougos que se axitan no fondo das almas. Maxia e arte de contar o que acontez máis en profundidade do que o xesto e o conviver social apparentan.

Contos de almas, chamámos a eses magníficamente logrados esbozos novelescos dun realismo máximo solprendente, como "O retrato" e "Mita"; contos de fogar, de ánimas, de morte, da morte propia que o persoaxe quer que sexa súa e ca ningún máis ca ele importa... A morte e a súa soledade. O home nasce só e morre só...

"Non quero máis lus... Fecha as contras da fiesta e pos unha mariposa... Cando morra hasme pór o traxe negro..."

En "Claudino", este magnífico conto, apárez moi ben tratada a atraición que exerce a cidade sobre do home do agro. Ele —o Claudino— dende as outuras que beiran o val, a cotío dexerga ao lonxe, co atafergo mariño, a prometedeira cidade que se lle ofrecez aló embaixo con todas as súas regalías...

E teima baixar "pra estar alí como os más, vestindo traxe e cravata como os señores da vila, iso é, e ire ó cine e ó fútbol e ó café...". E a cidade foíngu engulido d'apouco... e humillouno, e roubolle a súa liberdade.

En "Chuvia...", este dramático soliloquio desenrolado cunha axeitada técnica moderna, o autor pon ao roxo vivo a limitación económica en que vive o home galego de hoxe coas súas frustacións e anguiñas económicas que o empurran a emigrar como única saída aos seus problemas.

Na segunda parte do libro destacan as estampas que componen o tráptico, moi ben logradas pola súa axeitada ambientación. Magníficos os contos "Noiteboa" e "Terrón", de saudosa recreación literaria: "Ora roxas, ora verdes", dramático soliloquio de moderna técnica semellante a de "Chuvia...", onde o humorismo, a anguria e a denuncia social van collidos da man en todo o seu percorrido vital.

A edición, prolixamente coidada, correu por conta da Editorial "Nós". A tapa e os dibuxos son do pintor galego Abreu Bastos.

L. V. M.

Vigo (Galiza)

## ¡MORREU DON DANIEL!

No prometedeiro agromar de homes xurdidos á vida política o cair a revellida monarquía borbónica dando paso a proclamación da segunda República, abrindo de tal xeito canle ó libre exercicio dos dereitos cidadáns, ademáis de posibilitar o recoñecemento dos particularismos que caracterizan os países ibéricos, campaba un idealismo xeneroso anxeoso de crebar un pasado de atraso, incultura e despotismo.

Homes de tódalas profesións e de tódolos niveis culturais, de diferentes estrados sociais compuñan esa nova clas de guieiros posuidos de prácticas políticas innovadoras enrootadas a estructurar o noso país en procura de lograr que o povo fosse o único protagonista artellador dos poderes de goberno que o tiñan de rexir, afincadas na tradición, na historia, na realidade circundante, como acontez en tódolos países cultos e desenvolados.

Don Daniel Calzado Poceiro, era un díces homes de mentalidade aberta a vievres de progreso e reivindicación de un povo premedio por secular sistema alleador. Cando foi electo Alcalde de Tomiño, o seu labor ó frente do Axuntamento, marcou un troque total das disposicións e actos de goberno tradicionais. Unha das súas primeiras disposicións, consistiu na renovación de piñel-

rás dos montes propiedade do Concello deixa entón ermos e improdutivos, e co rendemento que a devandita repoboación tiña de fornecer serían construídas escolas nas parroquias do Concello, có cal sería resolto un vello problema deixa entón insolubel pra todo canto cacique e mandón había estado ó seu cárrego.

A protección e o apoio ás Sociedades Agrarias, foi outra das angueiras enfitadas pola alcaldía tomiñense de don Daniel Calzado, en procura de estimular os ideais e as prácticas cooperativistas ante os labregos da bisbarra, como o mellor xeito de desenvolvar e protexer os seus intereses de caste, sempre esquecida e marginada.

Non polo don Daniel Calzado desenvolvar até a cumplación e seu governo anovador ó frente do Axuntamento tomiñense, por mor da sedición militar feixista; mais volto ós ambentes da emigración, seguiu sendo un devanceiro segmentador do ideario do galeguismo renascente no seo da colectividade, cando inicia runfaba ante os nosos círculos emigrantes, unha estragada corrente hispanista, esmagadora e deformante da nosa orixinalidade galega e había que loitar contra o descoñecemento do que Galiza foi, do que é, e do que compre que sexa.

A Irmandade Galega, da cal foi díño presidente, asóciase á fundación que conta a gran familia galega na emigración, e fálle chegar ós seus deudos o máis sentido pésame.

Superada xa esa etapa de conscientización da colectividade, que trouxo aparellado o afortalecemento das nosas institucións representativas ó par que esmorecian as de carácter espoliolistas centralizadoras; cando a colectividade galega na Arxentina levou a feliz termo a histórica misión de recoller as bandeiras mártires do galeguismo, glorificadas polo agrefizo de tantos patriotas asesinados pola barbarie meseteira, pra llas devoltar á Terra en sazón programática, nos actos e aconteceres que ista laboura demandou, tamén Don Daniel Calzado estivo presente coa sua colaboración e o seu aporte. Emporiso que o seu pasamento constitui unha perda moi significativa nunha colectividade onde xa se ai notar a falla de novas aportacións de activistas pra manter acceso o ideario patriótico das nosas institucións representativas.

Cole, coa sua bonhomía, válense unha esgrevia figura representativa da Galiza Emigrante, a Galiza Ideal que dexergou Castelao, posibel somentes polo esforzo e a paixón de homes da calidade moral e patriótica de Don Daniel Calzado.

A Irmandade Galega, da cal foi díño presidente, asóciase á fundación que conta a gran familia galega na emigración, e fálle chegar ós seus deudos o máis sentido pésame.

## A nosa GALIZA

Año LIV

Buenos Aires, Novembro de 1972

Nº 518

### Deu Unha Conferencia en A. B. C. de Corcubión Valentín Fernández

Co gallo de celebrar as súas Bodas d'Ouro, A. B. C. de Corcubión esta democrática e galega entidade realizou varios significativos actos que acadaron dada brillanteza e entre os que colle pór de nota a mañána conferencia dictada o 26 de agosto derradeiro polo señor Valentín Fernández que, con singular mestria desenvolviu o tema: "Gremios, Cofradías e Irmandades Galegas Meioevais."

Apresentou ó conferenciante Victor Luis Molinari.

Deu comezo o disertante pondendo de nota que as evidencias existentes na Galiza e os achados que se veren realizando avaloran a tese de que o noso país, tivo, sobre de todo na época medieval, unha intensa vida gremial. I é por elo que, perante esta evidencia, colle supor que esa acción debeu tamén existir demente o tempo da dominación romana, afirmación que non ten más que un senso intuitivo, pro baseado no feito de que sendo Galiza unha das provincias do Imperio Román, e admitindo a Lei Xulia coa liberdade do exercicio dos gremios, é xusto supor que quén tiveron ó seu cargo o labor manual de construir calzadas, erguer fortalezas e edifizos, producir pertrechos bélicos prás forzas de ocupación; calzado, roupas, vivendas e alimentos prás cidadáns e desenvolvar o labor artesanal que era mestor prá vida de románs e galegos, por forza deberon organizárense baixo as normas xurídicas que viñan sendo a base de unificación de todas as provincias imperiais.

Nooutante, sinxelou o disertante, é evidente que nen Idacio, nin Paulo Orosio, referíense a ese tipo de organización nos seus relatos históricos que veñen sendo fundamentais prá coñecemento da vida galega. Mais adiante puxo de releu o aporte galego á Reconquista española, sinalando que a función de conquistar e repovoar as terras que fanse gañando no arreo combater, supuña unha sangría en xentes e diñeiro chuchando enerxias humanas e todo o aporte económico que a Compostela chegaba polo Camiño Francés en forma de donativos que se depositaban perante o sartego do Apóstolo. Mais as mesmadas galegas e os homes encarregados da repovoación española tiñan de seren fornecidos de pertrechos e alimentos, de ferramentas e

semillas, nascendo ó conxunto deas necesidades, os primeiros tipos de organización corporativa a través das cofradías, primeiramente a xeito de solidaridade relixiosa, e logo, ainda mantendo ese principio, mais xa defendendo con unhas e dentes o froito da artesanía de cada un dos cofrades.

Romeu de Armas asegura que a organización más antiga deste xénero viña sendo a constituída polos Xastres de Betanzos, non compartindo atal criterio Antón López Ferreiro que sostén que anteriormente xa funcionaba en Compostela a Cofradía ou Irmandade de Cambiadores cuyo traballo consistía en trocar moeda e metálicos preciosos.

Foi despois pondo de nota o orador, as distintas ordeanzas de tipo xeral dictadas por diferentes monarcas prás Cofradías, Gremios e Irmandades existentes nos reinos de Asturias, León e Galiza, mais particularizando nas dictadas esclusivamente prás existentes na nosa Terra e que foran promulgadas por Alfonso III, O Casto, Alfonso VII, Alfonso IX, Pedro I, Xoán II, Enrique IV, O Impotente, Fernando III e Alfonso X O Sabio.

Noutro orde de cousas remarcou o valioso aporte que estes organismos xogaron no desenvolvemento da vida social, política e económica galega, afirmando que Eugenio D'Ors dis: que todo o que non é tradición ven sendo plaxio". El que os inmutables principios a que axustan actualmente a súa vida de relación as nosas xentes, non é nen máis nen menos, que seguir a pegada que hereticamente deixaron estas institucións na nosa formación, xa que elas loitaron contra os abusos da realeza, das depredacións dos nobres e as arbitrariedades das xerarquías eclesiásticas.

### Exposición de Afiches Galegos de Manoel Cordeiro

Na Galería de Arte do Centro Lucense, esta súa xa tradicional meios artísticos portefolio e galego, governada polo inquieto artista e poeta arxentino-galego Castro Couso tan avincallado ás nosas causas, realizou no derradeiro maio unha exposición de Afiches Galegos o artista coruñés Manoel Cordeiro.

Manoel Cordeiro é un artista que se fixo asimismo superando traballoas etapas, en resposta a unha afervoadá necesidade de expresar plásticamente o seu entranbel amor a Galiza e as súas xentes, más alá do pintoresquismo ó uso, onde os símbolos nacionais e representativos da Galiza Eterna teñen presencia relevante. Porque Cordeiro siente a súa Terra como Patria, a única patria dos galegos, dai a súa baril posición de refugio e loita perante o secular asoballo colonialista español que tripou as nosas más caras esencias nacionais e, cunha única solución de recuperación ten de vir polo vieiro da autodeterminación nacional.

Presentou o artista con gala-nura habitual nele, o poeta Victor Luis Molinari.

A mostra compónse dun feixe de afiches, coñecidos uns, de nova factura, outros. E digamos sinceramente que nos derradeiros

dexérgase unha favorábel evolución do artista cara a novas formas de novos prantexos de sometimento da composición, a unha gradoal simplificación dos elementos concurrentes, refugando de todo o superfluo na percuta dunha dada unidade plástica polo vieiro da síntese. Entendemos que ese ven sendo o camiño que debe transitir o artista, e o felicitamos sincericamente.

### RENOVOU AUTORIDADES O CENTRO PONTEVEDRES

Dacordo ó resultado dos comicios realizado no xullo derradeiro, a Xunta Directiva do Centro Pontevedrés prá xeira 1972-1973, ficou constituída como segue: Presidente, Hixonio Expósito; Vicepresidente, Ramón Chenlo; Secretario, Lois A. Fonteira; Prosecretario, Alberto Rodríguez; Tesoureiro, Manoel Casal; Protecioneiro, Alexandre Pazos; Vocal: Vicente Velasco, Alvaro Campos, Manoel Armando Peón, Gumersindo Moldes, Xosé Canenda, Camilo Pereira, Lois López Sánchez, Cándido Rey e Benjamín González.

Deseñámoslle ás novas autoridades da entidad irmán os melindres éxitos na súa xestión de goberno.